



Servizo de Orientación Laboral

Vantaxes para Empresas e Axentes Sociais e Comunitarios

O traballo é un dereito básico e unha boa forma de favorecer a inclusión socio-laboral e a vida autónoma das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais. Para acadar este obxectivo, a Federación Down Galicia conta co seu Servizo de Orientación Laboral, que é centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Son destinatari@s deste documento as empresas e os diferentes axentes sociais e comunitarios (como os servizos sociais ou de emprego, os centros educativos ou de formación, as oficinas de emprego...). Con el, dase a coñecer o que lles pode ofrecer este Servizo de Orientación Laboral, sen custe, ao ser un servizo subvencionado pola Xunta de Galicia.

O fin da Federación Down Galicia é traballar pola igualdade de oportunidades e a mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down ou outra discapacidade intelectual e das súas familias, a través da súa inclusión social e a participación na sociedade.

Que pretendemos?

- Mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade
- Facilitar a súa incorporación no mercado laboral
- Conseguir a súa participación na oferta formativa
- Lograr a súa inclusión na bolsa pública de emprego
- Acadar a súa inclusión socio-laboral





Que ofrecemos?

- Dar resposta ás necesidades das empresas e dos diferentes axentes sociais e comunitarios
- Aportar información que facilite o axuste entre as necesidades das empresas e a oferta e demanda de emprego
- Asesorar sobre axudas e bonificacións pola contratación de persoas con discapacidade
- Dar a coñecer os perfís profesionais d@s demandantes de emprego
- Apoio na análise e definición de perfís profesionais
- Informar sobre as iniciativas que facilitan a inserción laboral das persoas con discapacidade
- Coordinación no programa Emprego Con Apoio, no que un preparador@ laboral das entidades Down forma ao traballador@ con discapacidade no posto, mediando na relación cos seus compañeir@s e asesorando e acompañando á empresa

Desde Down Galicia animamos ás empresas e axentes sociais e comunitarios a coñecer de preto a realidade das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, así como a confiar nas súas capacidades, dándolles a oportunidade de inserción laboral e social que se merecen e á que teñen dereito.

Infórmate!

- **Zona de Santiago, A Coruña e Ferrol**

☎ 981 56 34 34 • ✉ orientacion.laboral.compostela@downgalicia.org

- **Zona de Vigo e Pontevedra**

☎ 986 20 16 56 • ✉ orientacion.laboral.vigo@downgalicia.org


- **Provincia de Ourense**

☎ 988 37 03 13 • ✉ orientacion.ourense@downgalicia.org

- **Provincia de Lugo**

☎ 982 24 09 21 • ✉ orientacion.lugo@downgalicia.org

Puntos de información e atención nas entidades Down:



downgalicia.org



contigo podemos máis!